

PREGUNTA 1: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN. 2'5 puntos.

Aclaracións:

.Os erros non serán sobre detalles: nomes, datas...

.Poden ser anacronismos: Persoas dun século con feitos doutro e viceversa:

“A formación da Gran Armada contra Inglaterra foi consecuencia da política de reputación impulsada polo Conde Duque de Olivares” ou

“Un dos principais conflitos aos que debeu facer fronte Filipe II foi a rebelión de Portugal”.

.Os erros non deben subliñarse no texto do exame

.A rectificación do erro: só debe rectificarse a frase ou idea que está mal

.Contestar diferenciando:

1º erro: Identificación, Argumentación e rectificación

2º erro: identificación, argumentación e rectificación

Avaliación:

Identificación.....0'5 pts (ata 0'25 cada 1)

Explicación ou argumentación.....1'5 pts (ata 0'75 cada 1)

Rectificación.....0'5 pts (ata 0'25 cada 1)

A identificación e a rectificación deben ser correctas.

A explicación debe amosar coñecementos e ser correcta Para a súa puntuación máxima debe conter precisións e aclaracións.

Ata 0'5 pts Identificar 2 erros	.Identificación correcta dun erro.....ata 0'25 pts . Identificación correcta de 2 erros.....ata 0'25 pts
Ata 1'5 pts Explicar erros detectados	.Explicación correcta dun erro cunha resposta que demostre coñecementos.....ata 0'75 pts . Explicación...2 erros con precisións e aclaracións.....ata 1'5 pts
Ata 0'5 pts Rectificación erros. Redacción correcta	. Redacción correcta de 1 erro con vocabulario axeitado... ata 0'25 pts . Redacción correcta do 2º erro cun vocabulario axeitado.. ata 0'25 pto

PREGUNTAS: SEN OPTATIVIDADE

- 1- A nova Monarquía dos Reis Católicos.**
(Especial atención á unión dinástica e a reorganización político-administrativa).
- 2- A configuración do Imperio español no século XVI**
(Especial atención ós cambios en tempos de Felipe II).
- 3- A crise do s. XVII: aspectos socioeconómicos e políticos**
(E. a. Ó programa de reformas de Olivares e ás rebelións de Cataluña e Portugal).
- 4- Economía e sociedade na Galicia dos Austrias.**
(E. a. ás características da agricultura e ás súas transformacións, e á importancia da pesca na Galicia litoral).
- 5- Conquista e colonización de América: Leis de Indias e Revolución dos prezos.**
(E. a. á encomenda e á mita, as críticas ás mesmas e ás Leis de Burgos).
- 6- O cambio dinástico e a Guerra de Sucesión.**
(E. a. Ás causas e consecuencias da Guerra).
- 7- Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.**
(E. a. Ós contidos dos Decretos).
- 8- O Reformismo borbónico en Galicia**
(atención preferente á creación do Arsenal de Ferrol).
- 9- A Ilustración en España.**
(E. a. Ó Despotismo Ilustrado no reino de Carlos III e ás dificultades atopadas).
- 10- O papel da muller na Idade Moderna.**
(E. a. Ás diferenzas sociais, laborais, educativas... entre as mulleres privilexiadas e non privilexiadas).